

«O que é a esencia mesma, a alma viva do Marxismo: a análise concreta dunha situación concreta.»

V.I. Lenin

Conta o crítico Branislav Dimitrijevic que existe a impresión xeneralizada de que a produción cultural da República Federal Socialista de Iugoslavia (RFSI) seguiu unha fórmula simple. Por unha banda a cultura oficial, servindo aos seus fins ideolóxicos, e por outra unha caste de oposición rebelde, materializada a xeito de política e artística «disidente». Ambas posicións decote son presentadas coma irreatíbeis e case sen contradicións internas, e polo xeral dáse por sentado que o «artista disidente» era sobre todo un anti-comunista crítico co réxime de Tito. Proba disto talvez fora a máis prolífica etapa do cinema serbio (dende a metade de 1960 até mediados dos anos 70) co movemento de cineastas coma Dušan Makavejev, Zivojin Pavlovic e Želimir Žilnik, integrantes dun novo xeito de facer cinema que se deu en chamar «Onda negra», e co que ousaron cuestionar a imaxe da mal chamada «realidade socialista». No entanto, o seu enfoque escéptico motivado pola crenza no potencial dun pensamento crítico no desenvolvemento dunha sociedade socialista, deixa ás claras que na súa orientación política hai unha base de alicerces marxistas.

Se falabamos que Losey era un «marxista romántico», Žilnik sería un «marxista racional». Sempre atento ao contexto político, preocupado por amosar nas súas últimas fitas as desfeitas do capitalismo neoliberal no antigo bloque da Europa do Leste, Žilnik válese da súa formación intelectual marxista (non por casualidade o título do filme remite ás

primeiras obras do xenio de Tréveris) para artellar contra 1969 un filme que relate os acontecementos de Maio no Belgrado do 68.

En *Rani Radovi*, Žilnik bota ao monte a tres mozos e unha moza, quen desafiando a rutina da pequena burguesía da vida cotiá e desexosos de «cambiar o mundo», percorren o país e as fábricas armados cos primeiros escritos de Marx para «espertar a conciencia do pobo» e animalos na súa loita pola emancipación e por unha vida digna. Enfrontados ao primitivismo e á miseria, atópanse cos seus propios límites, as debilidades e as incapacidades. Frustrados porque a revolución planeada fracasa, xorde a traxedia.

Decote descrito coma paradigma de obra crítica co estalinismo, a primeira tarefa de achegamento a *Rani Radovi* debería ser a superación deste estigma. Non só polo feito histórico constatado de que a Iugoslavia *titista* dese tempo xa rachara coa política de aliñamento soviética senón tamén porque quen pescude no pensamento de Žilnik e do propio filme atopará moitas das chaves que permitirán tirar moitas reflexións sobre o xeito de encarar unha revolución. De pensar unha revolución.

A principal das leccións que tirar de *Rani Radovi* é que a revolución non comeza nin remata no intre mesmo da revolución. Žilnik sábeo ben, bota man dos clásicos marxistas que usaron para a súa teoría da revolución social as categorías dialécticas de cambio cuantitativo-cualitativo e da política dialéctica da imaxe e a súa montaxe para enfrontar tras da súa cámara as contradicións enxergadas polos mozos idealistas e a realidade dos excluídos: campesiñado e lumpen, colectivo este último ao que Žilnik trata nesta e vindeiras fitas coma o grande manipulado por Estado e opositores ao longo da historia do seu país.

Se o traballo de Žilnik subliña unha tentativa de reinventar a complexidade do discurso do marxismo en relación coa súa concreción na realidade, *Rani Radovi* é o meirande estandarte desta exposición. Citas dun Marx temperán que se xustapoñen a imaxes contraditorias nunha política cinematográfica coherente por vangardista, incómoda, case hegeliana, dialéctica de síntese e antítese e de volta á repetición mediante planos e diálogos coa fin de amosarmos as dificultades destes mozos revolucionarios á hora de conxugar retórica e desexos das masas.

Se de primeiras o filme semella unha crítica da imposibilidade de levar a cabo o discurso revolucionario, a realidade

Pensar (n)o cinema (III): Pensar(mos) unha revolución

Gonzalo Pallares e Artevic Holgueras

é que *Rani Radovi* é a expresión máxima do desatamento do goce de revolucionario, do comportamento vangardista vía situacionismo e sexualidade, do trágico sacrificio que supón o se entregar aos nobres ideais revolucionarios. Non ataca ao sistema socialista dun xeito irónico para expor o absurdo do discurso ideolóxico, senón que confía todo a unha sorte de sobre-entusiasmo. No canto de amosar as «desviacións», Žilnik deixa que Marx fale por boca dos protagonistas. Tampouco apunta soamente sobre a imposibilidade da aplicación do discurso ideolóxico ás circunstancias prácticas da realidade, senón que desprende unha mestura de degoro e morriña revolucionarios – «*As ideas que cambian o mundo*»- sepultados por un oficialismo que consideraba acadados a totalidade dos logros dunha sociedade socialista. De aquí que no filme se subliñe que «*non se debe subestimar o poder do Estado*».

Rani Radovi é un filme complexo capaz de encarar todas as contradicións posibles nun determinado contexto histórico. Entre pensamento e práctica, Estado e contrapoder, vangarda e masas e mesmo entre os propios revolucionarios que non son quen de desbotar as súas convencións burguesas. Tamén en quen o mira, obrigado polos antagonismos a se posicionar diante dunhas imaxes que alén de reflexionar de seu tamén nos fan parte da «realidade» da nosa propia reflexión. E malia que Žilnik non dá respostas doadas a esta complexidade, talvez a derradeira lección que deite *Rani Radovi* sexa algo abondo simple, abondo necesario, e que semella que algúns comezan a interpretar hoxendía: a análise concreta da situación concreta.

Traballo asalariado e capital*

Karl Marx

Que é o salario? Como se determina?

Se preguntamos aos obreiros que salario perciben, un responderanos: «O meu burgués me págame un marco pola xornada de traballo»; o outro: «Eu recibo dous marcos», etc. Segundo as distintas ramas do traballo á que pertenzan, indicaranos distintas cantidades de diñeiro que os burgueses respectivos lles pagan pola execución dunha tarefa determinada, por exemplo, por tecer unha vara de lenzo ou por compoñer un prego de imprenta. Pero, pese á diferenza de datos, todos coinciden nun punto: o salario é a cantidade de diñeiro que o capitalista paga por un determinado tempo de traballo ou pola execución dunha tarefa determinada.

Polo tanto, diríase que o capitalista mércalles con diñeiro o traballo dos obreiros. Estes véndenlle por diñeiro o seu traballo. Pero isto non é máis que aparencia. O que en realidade venden os obreiros ao capitalista por diñeiro é a súa forza de traballo. O capitalista compra esta forza de traballo por un día, unha semana, un mes, etc. E, unha vez comprada, consúmela, facendo que os obreiros traballen durante o tempo estipulado. Co mesmo diñeiro co que lles compra a súa forza de traballo, por exemplo, cos dous marcos, o capitalista podería comprar dúas libras de azucre ou unha determinada cantidade doutra mercadoría calquera. Os dous marcos cos que

compra dúas libras de azucre son o prezo das dúas libras de azucre. Os dous marcos cos que compra doce horas da forza de traballo son o prezo dun traballo de doce horas. A forza de traballo é, pois, unha mercadoría, nin máis nin menos que o azucre. Aquela mídese co reloxo, esta, coa balanza.

Os obreiros cambian a súa mercadoría, a forza de traballo, pola mercadoría do capitalista, polo diñeiro e este cambio realízase gardándose una determinada proporción: tanto diñeiro por tantas horas de uso da forza de traballo. Por tecer durante doce horas, dous marcos. E estes dous marcos, non representan tódalas demais mercadorías que poden adquirirse pola mesma cantidade de diñeiro? En realidade, o obreiro cambiou a súa mercadoría, a forza de traballo, por outras mercadorías de todo xénero e sempre nunha determinada proporción. Ao entregar dous marcos, o capitalista entrégalle, a cambio da súa xornada de traballo, a cantidade correspondente de carne, de roupa, de leña, de luz, etc. Polo tanto, os dos marcos expresan a proporción na que a forza de traballo se cambia por outras mercadorías, ou sexa o valor de cambio da forza de traballo. Agora ben, o valor de cambio dunha mercadoría, expresado en diñeiro, é precisamente o seu prezo. Por conseguinte, o salario non é máis que un nome especial co que se designa o prezo da forza de traballo, ou o que chamarse prezo do traballo, o nome especial desa peculiar mercadoría que só toma corpo na carne e no sangue do home.

Tomemos un obreiro calquera, un tecedor, por exemplo. O capitalista subministralle o tear e o fío. O tecedor ponse a traballar e o fío convértese en lenzo. O capitalista apodérase do lenzo e véndeo en 20 marcos, por exemplo. Acaso o salario do tecedor representa unha parte do lenzo, dos vinte marcos, do produto do seu traballo? Nada diso. O tecedor recibe o seu salario moito antes de venderse o lenzo, tal vez moito antes de que remate de ser tecido. Polo tanto, o capitalista non paga este salario co diñeiro que ha de obter do lenzo, senón dun fondo de diñeiro que ten en reserva. As mercadorías entregadas ao tecedor a cambio da súa, da forza de traballo, non son produtos do seu traballo, do mesmo modo que non o son o tear e o fío que o burgués lle subministróu. Podería ocorrer que o burgués non encontrase ningún comprador para o seu lenzo. Podería ocorrer tamén que non se reembolsase con produto da súa venda nin o salario pagado. E pode ocorrer tamén que venda moi avantaxadamente, en comparación co salario do tecedor. Ao tecedor todo isto tanto lle ten. O capitalista, cunha parte da fortuna de que dispón, do seu capital, compra a forza de traballo do tecedor, exactamente o mesmo que con outra parte da fortuna mercou as materias primas —o fío— e o instrumento de traballo —o tear—. Unha vez feitas estas compras, entre as que figura a da forza de traballo necesaria para elaborar o lenzo, o capitalista produce xa con materias primas e instrumentos de traballo da súa exclusiva pertenza. Entre os instrumentos de traballo vai incluído tamén, naturalmente, o noso bo tecedor, que participa no produto ou no prezo do produto na mesma medida que o tear; é dicir, absolutamente en nada.

Polo tanto, o salario non é a parte do obreiro na mercadoría por el producida. O salario é a parte da mercadoría xa existente, coa que o capitalista compra unha determinada cantidade de forza de traballo produtiva.

A forza de traballo é, pois, unha mercadoría que o seu propietario, o obreiro asalariado, vende ao capital. Para que a vende? Para vivir.

Agora ben, a forza de traballo en acción, o traballo mesmo, é a propia actividade vital do obreiro, a manifestación mesma da súa vida. E esta actividade vital véndella a outro para asegurarse os medios de vida necesarios. É dicir, a súa actividade vital non é para el máis que un medio para poder existir. Traballa para vivir. O obreiro nin sequera considera o traballo parte da súa vida; para el é máis ben un sacrificio da

*. Escolma dun texto de Marx aparecido na *Neue Rheinische Zeitung. Organ der Demokratie* (Nova Gaceta do Rin. Órgano da Democracia), do 5, 6, 7, 8 y 11 de abril de 1849 e en folleto aparte, baixo a redacción e cun prefacio de F. Engels, en Berlín, en 1891. Fonte: Marxists Internet Archive, 2000.

súa vida. Unha mercadoría que adxudicou a un terceiro. Por iso o produto da súa actividade tampouco é o fin desta actividade. O que o obreiro produce para si non é a seda que tece nin o ouro que extrae da mina, nin o pazo que edifica. O que produce para si mesmo é o salario; e a seda, o ouro e o pazo para el a unha determinada cantidade de medios de vida, si acaso a unha chaqueta de algodón, unhas moedas de cobre e un cuarto nun soto. E para o obreiro que tece, fía, barrena, tornea, constrúe, cava, machuca pedras, carga, etc., por espazo de doce horas ao día, son estas doce horas de tecer, fiar, barrenar, tornear, construír, cavar e machucar pedras a manifestación da súa vida, a súa vida mesma? Ao contrario. Para el, a vida comeza alí onde terminan estas actividades, na mesa da súa casa, banco da taberna, na cama. As doce horas de traballo non teñen para el o sentido algún en canto a tecer, fiar, barrenar, etc., senón só como medio para gañar o diñeiro que lle permite sentarse á mesa ou no banco da taberna e meterse na cama. Se o verme da seda fíase para gañarse o sustento como eiruga, sería un auténtico obreiro asalariado. A forza do traballo non foi sempre unha mercadoría. O traballo non foi sempre traballo asalariado, é dicir, traballo libre. O escravo non vendía a súa forza de traballo ao escravista, do mesmo modo que o boi non vende o seu traballo ao labrego. O escravo é vendido dunha vez e para sempre, coa súa forza de traballo, ao seu dono. É unha mercadoría que pode pasar de mans dun dono a mans doutro. El é unha mercadoría, pero a súa forza de traballo non é unha mercadoría súa. O servo da gleba só vende unha parte da súa forza de traballo. Non é el quen obtén o salario do propietario do solo; polo contrario, é este, o propietario do terreo, quen percibe del un tributo.

O servo da gleba é un atributo do terreo e rende froitos ao dono deste. En cambio, el obreiro libre véndese el mesmo e ademais, véndese en partes. Poxa 8, 10, 12, 15 horas da súa vida, día tras día, entregándoas ao mellor poxador, ao propietario das materias primas, instrumentos de traballo e medios de vida; é dicir, ao capitalista. O obreiro non pertence a ningún propietario nin está adscrito ao terreo, pero as 8, 10, 12, 15 horas da súa vida cotiá pertencen a quen llas compra. O obreiro, en canto queira, pode deixar ao capitalista a quen se alugou, e o capitalista despídeo cando lle peta, cando xa non lle saca proveito ningún ou non lle saca o proveito que calculara. Pero o obreiro, que ten como única fonte de ingresos a venda da súa forza de traballo, non pode desprenderse de toda a clase dos compradores, é dicir, da clase dos capitalistas, sen renunciar á súa existencia. Non pertence a tal ou cal capitalista, senón á clase capitalista en conxunto, e é incumbencia súa atopar un patrón, é dicir, encontrar dentro desta clase capitalista un comprador.

(...)

Un obreiro dunha fábrica algodoeira, produce só tecidos de algodón? Non, produce capital. Produce valores que serven de novo para mandar sobre o seu traballo e crear, por medio deste, novos valores.

O capital só pode aumentar cambiándose por forza de traballo, xerando o traballo asalariado. E a forza de traballo do obreiro asalariado só pode cambiarse por capital acrecentándose, fortalecendo a potencia de que é escrava. O aumento do capital é, por tanto, aumento do proletariado, é dicir, da clase obreira.

O interese do capitalista e do obreiro é, por conseguinte, o mesmo, afirman os burgueses e os seus economistas. En efecto, o obreiro perece si o capital non lle da emprego. O capital perece se non explota a forza de traballo, e, para explotala, ten que comprala. Canto máis velozmente medra o capital destinado á produción, o capital produtivo, e, por conseguinte, canto máis próspera é a industria, canto máis se enriquece a burguesía, canto mellor marchan os negocios, máis obreiros necesita o capitalista e máis caro se vende o obreiro.

Por conseguinte, a condición imprescindible para que a situación do obreiro sexa tolerable é que creza coa maior rapidez posible o capital produtivo.

Pero, que significa o crecemento do capital produtivo? Significa o crecemento do poder do traballo acumulado sobre o traballo vivo. O aumento da dominación da burguesía sobre a clase obreira. Cando o traballo asalariado produce a riqueza estraña que lle domina, a potencia inimiga súa, o capital, reflúen a el, emanados deste, medios de traballo, é dicir, medios de vida, a condición de que se converta de novo en parte integrante do capital, en panca que lle faga crecer de novo con ritmo acelerado.

Dicir que os intereses do capital e os intereses dos obreiros son os mesmos, equivale simplemente a dicir que o capital e o traballo asalariado son dous aspectos dunha mesma relación. O un atópase condicionado polo outro, como o usureiro polo dilapidador, e viceversa.

Mentres o obreiro asalariado é obreiro asalariado, a súa sorte depende do capital. Velaí a tan cacareada comunidade de intereses entre o obreiro e o capitalista.

Ao medrar o capital, medra a masa do traballo asalariado, medra o número de obreiros asalariados; nunha palabra, a dominación do capital esténdese a unha masa maior de individuos. E, supoñendo o caso máis favorable: ao medrar o capital produtivo, medra a demanda de traballo e medra tamén, polo tanto, o prezo do traballo, o salario.

Sexa grande ou pequena unha casa, mentres as que a rodean son tamén pequenas cumpre tódalas esixencias sociais dunha vivenda, pero, se xunto a unha casa pequena xurde un palacio, a que ata entón era casa encóllese ata quedar convertida nunha choza. A casa pequena indica agora que o seu morador non ten esixencias, ou que as ten moi reducidas; e por moito que, no transcurso da civilización, a súa casa gañe en altura, se o palacio veciño segue medrando na mesma ou incluso en maior proporción, o habitante da casa relativamente pequena irase sentindo cada vez máis desmoralizado, máis descontento, máis abafado entre as súas catro paredes. (...)

Un aumento rápido do capital equivale a un rápido aumento da ganancia. A ganancia só pode medrar rapidamente se o prezo do traballo, o salario relativo, diminúe coa mesma rapidez. O salario relativo pode diminuír aínda que aumente o salario real simultaneamente co salario nominal, coa expresión monetaria do valor do traballo, sempre que estes non suban na mesma proporción que a ganancia. Se, por exemplo, nunha época de bos negocios, o salario aumenta nun cinco por cento e a ganancia nun trinta por cento, o salario relativo, proporcional, non terá aumentado, senón diminuído.

Polo tanto, se, co rápido incremento do capital, aumentan os ingresos do obreiro, ao mesmo tempo afóndase no abismo social que separa ao obreiro do capitalista, e medra, á par, o poder do capital sobre o traballo, a dependencia deste con respecto ao capital.

Dicir que o obreiro está interesado no rápido incremento do capital, só significa que canto máis rápido incrementa o obreiro a riqueza allea, máis saborosas faragullas cáenlle a el, máis obreiros poden encontrar emprego e ser botados ao mundo, máis pode medrar a masa dos escravos suxeitos ao capital.